

ORGANIZA:

Consello Galego de Relacións Laborais

Facultade de Dereito de Ourense

Colexio de Graduados Sociais A Coruña e Ourense

PERSOAS DESTINATARIAS:

- Organizacións empresariais e sindicais
- Graduados/as Sociais e avogados/as
- Alumnado da Facultade de Dereito
- Inspectores/as de Traballo e Seguridade Social
- Profesionais e persoas interesadas

INSCRICIÓNS:

Faranse por orde de solicitude, dende o 11 ata o 24 de outubro de 2023 a través do enderezo electrónico formacion.cgrl@xunta.gal

ASISTENCIA:

Acreditarase a asistencia á xornada



XORNADAS 2023

**DESCENTRALIZACIÓN
PRODUCTIVA E NOVAS
ESTRUTURAS
EMPRESARIAIS**

Facultade de Dereito de Ourense

Ourense, 25 de outubro de 2023



Facultade de Dereito
Universidade de Vigo



DESCENTRALIZACIÓN PRODUCTIVA E NOVAS ESTRUTURAS EMPRESARIAIS

9:30 INAUGURACIÓN

Antía Sández Callejo
Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais

Francisca Fernández Prol
Vicedecana da Facultade de Dereito de Ourense

Representante do Colexio de Graduados Sociais de A
Coruña e Ourense

09:45 O MARCO LEGAL DA SUBCONTRATACIÓN

Ruth Cobo Rodríguez
Inspectora de Traballo e Seguridade Social

Debate

10:30 PERSPECTIVA XUDICIAL DA DESCENTRALIZACIÓN PRODUCTIVA

Emilio Fernández de Mata
Maxistrado da Sala do Social do Tribunal Superior de
Xustiza de Galicia

Moderadora: Marta Fernández Prieto

Debate

11:15 PAUSA-CAFÉ

11:45 MESA DE AXENTES SOCIAIS

Interveñen representantes da CIG, SN de CCOO de Galicia,
UGT-Galicia e da CEG

Moderadora: Cristina Fabeiro Varela

Debate

12:30 Traballo autónomo e subcontratación

Jaime Cabeza Pereiro
Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
da UVigo

Moderadora: Francisca Fernández Prol

Debate

13:15 CLAUSURA E FIN DA XORNADA

A descentralización produtiva foi sempre unha materia complexa de abordar xuridicamente en orde a garantir a debida protección das persoas traballadoras afectadas por ela, máis se cabe, tendo en conta o auxe do traballo a distancia ou o enmarcado en plataformas dixitais e outras novas formas de desenvolvemento empresarial.

Ademais, considerando a nova perspectiva coa que se debe tratar ese ámbito á luz das reformas introducidas polo *Real Decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía de estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo*, debe asegurarse un uso adecuado nos supostos que melloran a actividade produtiva, á vez que o desincentive naqueles en que é un mero instrumento de redución de custos, así como avanzar cara á equiparación de condicións das persoas traballadoras subcontratadas e reforzar a responsabilidade das empresas contratistas ou subcontratistas.

Por tanto, trátase de que as empresas compitan sobre a base de factores como a produtividade, a eficiencia e o nivel de formación e de capacitación da man de obra, así como da calidade dos seus bens e servizos e o seu grao de innovación. Dita posición é a sostida pola Comisión Europea, na «Proposta de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre uns salarios mínimos adecuados na Unión Europea», na que se prevé instar á promoción do papel da negociación colectiva que debe preservar a súa capacidade de converxencia e adecuación dos salarios co mantemento da produtividade das empresas, e evitar distorsións competitivas, nunha relación de equilibrio necesaria e constante.

Con todo, respecto ao Estatuto dos Traballadores (RD-Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, promulgado en cumprimento do mandato constitucional ex art. 35.2 CE; en diante ET) a reforma limitouse a modificar o apartado 6 do novamente redactado art. 42 do ET, o cal establece un conxunto de regras de preferencia aplicativa do convenio colectivo que ha de ser aplicable ás empresas contratistas e subcontratistas.

Así, a análise debe facerse dende o obxectivo de garantir o equilibrio entre axilidade e flexibilidade e un nivel adecuado de protección ás persoas traballadoras das subcontratas, en relación cos traballos que desenvolven.

Nesta interesante xornada teremos a oportunidade de coñecer o punto de vista dos axentes sociais e permitíranos afondar en todas estas cuestións dende unha perspectiva doutrinal e xudicial, e abordar tamén a perspectiva inspectora como fundamental para coñecer o punto de vista técnico no debido cumprimento da normativa.

DIRECCIÓN DA XORNADA

.Antía Sández Callejo (Presidenta do CGRL)

.Marta Fernández Prieto e Francisca Fernández Prol (Profesoras Titulares da Facultade de Dereito de Ourense)

.Susana Soneira Lema (Presidenta Colexio de Graduados Sociais de A Coruña e Ourense)